

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA USC NOS ARQUIVOS BIBLIOTECAS E MUSEOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

REÚNENSE:

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 maio, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por outra banda, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, de 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

MANIFESTAN:

Primeiro. - Ambas partes subscribiron o 19 de decembro de 2019 o convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Cultura e Turismo (hoxe Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas académicas externas do alumnado das facultades da Universidade de Santiago de Compostela que figuran no anexo II nos arquivos e museos da consellería.

En virtude da addenda ao convenio asinada o 04.02.2022 ampliase a relación de centros para a realización de prácticas académicas externas á Biblioteca de Galicia e ás bibliotecas públicas de xestión autonómica.

Segundo.- No marco do convenio realizanse as prácticas académicas externas, tanto curriculares como extracurriculares, nos arquivos, bibliotecas e museos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades polo alumnado da Universidade de Santiago de Compostela das titulacións da Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, Facultade de Xeografía e Historia do Campus de Santiago de Compostela e a Facultade de Formación do Profesorado e a Facultade de Humanidades de Lugo.



Terceiro.- A cláusula vixésima do convenio establece que o mesmo terá unha vixencia de catro anos a contar desde a súa sinatura, podendo ser prorrogado de forma expresa de común acordo polas partes, en tanto non se denuncie expresamente cun mínimo de tres meses de antelación.

Cuarto.- Considerando que é de interese continuar coa colaboración iniciada no convenio de colaboración mencionado, ambas partes acordan a súa renovación e,

ACORDAN:

PRIMEIRO.- Subscribir a presente addenda ao convenio de colaboración asinado 19 de decembro de 2019, para modificar a clausula vixésima, que queda redactada do seguinte xeito:

VIXÉSIMA.- Prorrogar o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas académicas externas, curriculares ou extracurriculares, do alumnado das facultades da USC que figuran no anexo II do convenio nos arquivos, bibliotecas e museos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades por un novo período de catro (4) anos tras o remate da vixencia do convenio obxecto da presente prórroga.

En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

SEGUNDO.- O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase á inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

CUARTO.- O resto das cláusulas do convenio asinado o 19 de decembro de 2019 non sofren modificacións.

En proba de conformidade, ambas partes asinan a presente addenda no lugar e data da sinatura dixital

O REITOR DA UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Por delegación do Sr. Reitor
(RR do 21-04-2022 DOG do 26-04-2022)
O Vicerreitor de Organización Académica
e do Campus de Lugo

O CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN,
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
(P.D. Orde do 29.07.2022)

O Secretario Xeral Técnico

Francisco José Fraga López

Manuel Vila López

